




A alcaldesa deséxalles que estas datas navideñas sexan de paz e amor e que o 2015 traia ánimo e fortaleza para todos, os seus mellores desexos para toda a veciñanza nestas datas e no próximo ano.

## Avisos

\* **TDT - Aviso de resintonización** A partir do 26 de novembro de 2014 o repetidor da TDT situado no Monte de Boimil vai empezar a funcionar coas novas frecuencias, os veciños que utilicen este repetidor como punto de acceso deben resintonizar as súas televisións para que recollan os novos canais.



\* **CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE BOIMORTO** (BOP Nº 219 de data 14 de Novembro do 2014): O Concello de Boimorto crea unha Bolsa de Emprego mediante a que se colaborará cos empresarios para cubrir as súas ofertas de emprego e ofrecerá ós demandantes de emprego unha oportunidade máis na súa busca. Ademais tamén ten como obxectivo a xestión de axudas municipais para o fomento da creación de emprego. Actualmente atópanse vixentes as subvencións para novos proxectos empresariais e para a contratación de desempregados do concello. (BOP Nº 159 de data 22 de Agosto do 2014) Aquelas empresas que necesiten cubrir un posto de traballo vacante e aqueles demandantes de emprego que queiran inscribirse poderán facelo achegándose ó Concello.

## Centro Social Municipal de Maiores.

\* **COMIDA - BAILE NO CENTRO DE MAIORES:** O venres 12 de decembro os do centro de maiores organizamos unha comida no Mesón Nati. Haberá transporte coma sempre e despois do baile levarémolos a casa.

Podedes anotarvos no centro de maiores antes do 8 de decembro. No momento de anotarse deberanse pagar os 12€ que costa a comida, o baile é con cargo ó Concello.

Para máis información chamar ó 981 516 520.

\* **SERVIZO DE TRANSPORTE:** A partir do 15 de decembro e ata o 7 de xaneiro non haberá servizo de transporte pero o Centro de Maiores estará aberto. O servizo de transporte comezará de novo o 8 de xaneiro, cos mesmos horarios.

## Cultura

\* **BELÉN VIVENTE:** Despois do éxito do ano pasado imos realizar de novo un Belén vivente na igrexa parroquial de Boimorto, será o domingo 28 de decembro. Contaremos cos nenos e nenas que escenificarán o Belén e cun concerto de Nadal. Comezaremos a partir 17 horas.

\* **CANTARES DE REIS 2015 e I ENCONTRO ARREDOR DOS CANTARES DE REIS:** Este ano teremos o **Certame de Cuadrillas** o día **3 de xaneiro**, arredor das 4 e media da tarde no Polideportivo Municipal. Animámosvos, un ano máis a participar como cuadrilla ou como público. Se montades unha cuadrilla podedes anotarvos no Concello ou na dirección de correo [silvia.cea@boimorto.es](mailto:silvia.cea@boimorto.es).

Ademais desta vez e coa intención de que sirva de precedente convocamos para o **día 10 de xaneiro** o **I Encontro Arredor dos Cantares de Reis**. Contaremos como mínimo coas exposicións de sete amigos dos cantares de Reis e das expresións do folclore que nos darán unha visión destes cantares e costume dende as diferentes culturas peninsulares. Nin que dicir ten que se trata de xente de recoñecido prestixio no tema e que veñen dispostos a compartir, debater e gozar desta tradición tan nosa e tan de moitas outras culturas.

\* **Cea-Baile de Nadal:** o vindeiro 13 de decembro o Concello busca celebrar con toda a veciñanza o comezo destas datas tan especiais polo que organiza esta cea como encontro de varias

xeracións do noso Concello. Será ás 22:00 horas no Polideportivo Municipal e o prezo por participante é de 22€ (contaremos con calefactores e cun grupo musical para animar a festa).

\* **Cabalgata de Reis:** o luns día 5 de xaneiro os Reis Magos de Oriente pasarán por Boimorto, visitando primeiro as residencias de maiores; e sobre as 6 da tarde, se o tempo o permite, sairán da Casa do Concello para facer un percorrido polo centro do pobo e rematar no Polideportivo Municipal onde atenderán a todos os cativos.

## Obras

- Construción dunha pista de pádel anexa o Polideportivo Municipal (subvención da Deputación)
- Melloras dos equipos existentes nas depuradoras da Igrexa e da Gándara en Boimorto.
- Melloras no alumeadado público, cambios nos cadros eléctricos.
- Instalación da calefacción e pintado no Punto de Atención a Infancia (PAI).
- Recollida de pluviais nos núcleos de Casal, Currás, Cabana, Bertomil, Fontao e Vilar (Sendelle).
- Adquisición de mobiliario urbano (xogos infantís, bancos e papeleiras) para as zonas do PAI, Centro Residencial, Praza Gándara e para a zona do albergue.

## Servizos Sociais.

\* **Axudas por emerxencia social do Concello** (axudas económicas ou en especie para veciños deste Concello en situacións carenciais). As persoas interesadas deben acudir a Servizos Sociais.

\* **PROGRAMA CLARA-BOIMORTO:** Últimas prazas para a inscrición ao Programa CLARA, se estades interesadas en participar no programa achegádevos ó Concello os luns, mércores (tamén pola tarde) ou xoves e informádevos. Recordarvos que o Programa CLARA para mellorar a *empregabilidade* vai dirixido a todas as mulleres desempregadas ou en mellora de emprego de Boimorto que queiran atopar un traballo, xa sexa por conta allea ou por conta propia. Algunha das actividades que van dar comezo son:

1- Obradoiros de desenvolvemento persoal (en grupos de mañás ou de tardes). Comezaremos cando formemos os grupos.

2- Clases para a preparación do exame de Competencias Clave (imprescindible si non tes a ESO e queres acceder a cursos do nivel 2 con Certificados de Profesionalidade).

Máis información: 981 51 60 75

## Deportes

\* **EXCURSIÓN PATINAXE SOBRE XEO:** Día: 23 de decembro. Hora: saída do Campo do Rosario ás 10:00. Idade: A partir dos 5 anos. Os menores de 10 anos deberán ir acompañados dun adulto. Prezo: 10 euros. Obrigatorio levar luvas. Inscricións: ata o 16 de decembro na casa do Concello. Prazas limitadas.

\* **XUVENLUGO:** Día: 30 de decembro. Hora: saída do Campo do Rosario ás 3:30 da tarde. Os menores de 12 anos deberán ir acompañados dun adulto. Prezo: 10 euros. A actividade consistirá na saída ó salón de ocio infantil e xuvenil con atraccións: tren da bruxa, saltamontes, scalextric, , coches de choque...Inscricións: ata o 23 de decembro na casa do Concello. Prazas limitadas.

\* **EXCURSIÓN NEVE: Estación de Leitariegos.** Día: 25 de Xaneiro. Hora: 4:30 madrugada do domingo. Idade: a partir de 5 anos. Menores de 16 anos, acompañado dun adulto. Prezo: Adultos: si sabe esquiar 43,50€ si non sabe esquiar 37.50€. Nenos: 35 € (ata os 14 anos).

Para os que non necesiten aluguer de material consulten o prezo no Concello. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, o forfait para poder facer uso das instalacións da estación (telesilla, telesquí e pistas) así como tamén o aluguer do material para esquiar (botas, bastóns, esquí e casco no caso dos nenos). Os que aluguen material de snow incrementarán o prezo 9 euros. Aquelas persoas que ademais queiran ter curso de esquí ou snow cun monitor incrementarán o custo. Mínimo 10 persoas. O número máximo de prazas será de 56 persoas, o mínimo para a realización da excursión é de 26 participantes. Inscricións: Casa do Concello.